

CRITERIOS CUALIFICACIÓN ESO 2022/2023



**CPR Plurilingüe
San Blas -Vista Alegre**

INTRODUCCIÓN

Seguindo as consideracións expostas na Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicáremolo a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Neste sentido, para o alumnado que teña a materia con algunha parte sen superar, unha vez realizada a terceira avaliación parcial, realizaremos un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Así mesmo, a cualificación definitiva das materias farémola efectiva na avaliación final de curso. Por tanto, adxuntamos a continuación os criterios de cualificación que levaremos a cabo nas materias, sendo efectivos a partir do inicio da terceira avaliación do curso 2021-22, oído o claustro de profesores.

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA

A) LINGUA E LITERATURA CASTELÁ

Os criterios de cualificación por cada avaliación serán os seguintes:

Coñecer, explicar e aplicar os conceptos e contidos do currículo. Avaliaranse a través de exames escritos, orais ou prácticos. Traballo do libro de lectura, traballos monográficos e redaccións ou comentarios de texto.

Os coñecementos e procedementos adquiridos na 1ª, 2ª e 3ª avaliación, avaliaranse mediante a realización de varias probas escritas, orais, tipo test ou comentario de texto, (o formato no que se realicen estará en función da atención a diversidade dentro do marco legal) que versarán sobre a materia impartida durante a respectiva avaliación.

Para a recuperación dalgún trimestre suspenso, o alumnado terá a opción de facer a recuperación correspondente.

PROBAS ESCRITAS:



En todas as probas o alumnado coñecerá a puntuación de cada cuestión. As competencias valoradas serán fundamentalmente a comunicación lingüística, a competencia cultural e artística e o coñecemento e interacción co mundo físico e a competencia social e cidadá.

A cualificación das probas suporá como mínimo o 70% da nota. Non se farán medias con notas inferiores a 4 en probas escritas. Copiar nunha proba escrita supón a cualificación dun 0.

CADERNOS:

Neles deben figurar tódalas actividades propostas en clase, así como resumos, esquemas, etc. Os profesores poden esixilos en calquera momento, polo que é deber do alumnado telos sempre ao día. Serán avaliados polo profesorado, como norma xeral, a lo menos unha vez por avaliación. Avalíanse as competencias aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e a social e cidadá. Suporá un 10% da nota.

TRABALLOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO:

Serán propostos polo profesorado. Poden ser de carácter voluntario ou obrigatorios. Neles terase en conta a presentación, as achegas do alumnado, o tratamento e respecto as fontes, a orixinalidade. Entre eles destacan os relacionados co Obradoiro de escritura. Con eles valoramos a autonomía e iniciativa persoal, o tratamento da información e competencia dixital e tamén a competencia social e cidadá. Supón un 20% da nota.

A nota final da avaliación será un compendio das calificacións obtidas nos anteriores apartados.

ACTIVIDADES DE REFORZO:

O alumnado que non acadou o aprobado na materia, despois das tres avaliacións parciais, realizará unha proba para recuperar os obxectivos non conseguidos.

Traballaremos con este alumnado realizando actividades de reforzo no período comprendido entre o final da terceira avaliación e a avaliación final. Realizada a proba, a nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións parciais (tendo en conta a nota acadada nesa proba).



B) LINGUA E LITERATURA GALEGA

As cualificacións establecidas para cada avaliación (unha por trimestre), realizaranse tendo en conta as seguintes puntuacións:

· **ORALIDADE. EXPOSICIÓN ORAL (100%):** Terase en conta o uso acotío na interlocución de calquera índole; respostas-preguntas ao profesorado e tamén cos compañeiros/as da aula (50%), así como as exposicións orais ou debates (50%) e que seguirán a seguinte rúbrica:

Volume da voz e vocalización

Volume alto e ben vocalizado (2p)

Volume axeitado e boa vocalización nun 70% (1p)

Volume feble e mal vocalizado (0,25p)

Postura corporal e contacto visual

Boa postura, seguridade e contacto visual (2p)

Algunhas veces mantén a postura e o contacto (1p)

Postura incorrecta e só mira para o profesorado (0,25)

Coñecemento do tema

Bo coñecemento do tema (2p)

Algunha parte frouxa (1p)

Non coñece ben o tema (0,25p)

Uso do tempo

Emprega o tempo establecido (2p)

Reparte ben o tempo, pero apura ao final (1p)

Remata axiña ou non lle dá tempo (0,25p)

Participación do grupo

Todos os compoñentes expoñen equitativamente (2p)

Hai máis peso expositivo nalgún deles (1p)

Só realiza unha exposición (0,25p)

· **PROBAS ESCRITAS (70%):** realizaranse dúas probas obxectivas por avaliación nas que aparecerán reflectidos os apartados correspondentes a cada unha das unidades didácticas como son o léxico, a ortografía, a gramática, a literatura e a sintaxe.

· **CADERNOS (10%):** neles deben figurar todas as actividades propostas en clase, así como resumos resumos, esquemas, etc. Os profesores poderán esixilos en calquera momento, polo que é deber do alumnado telos sempre ao día. Serán avaliados polo profesorado, como norma xeral, polo menos unha vez por avaliación. Avalíanse as competencias aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e a social e cidadá.

· **TRABALLOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO (20%):** serán propostos polo profesorado e poderán ser de carácter obrigatorio ou voluntario. Neles terase en conta a



presentación, as achegas do alumnado, o tratamento e respecto das fontes e a orixinalidade. Entre eles destacan os relacionados co Obradoiro de escritura. Con eles valorarase a autonomía e iniciativa persoal, o tratamento da información e competencia dixital e tamén a competencia social e cidadá.

A NOTA FINAL da avaliación será un compendio da suma das cualificacións orais e escritas obtidas nos distintos apartados e a súa media aritmética.

Cualificación final

Sairá da media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª mediante a realización dunha proba escrita.

C) CULTURA CLÁSICA

Todo canto traballamos na clase debe ser traducido a unha puntuación numérica mensurable. Neste sentido, o Departamento estableceu os seguintes criterios para cualificar aos alumnos/as.

Cualificación dos coñecementos

Os coñecementos adquiridos en cada unha das tres avaliacións, avalíanse mediante a realización de dúas probas escritas (de dous temas cada unha), sobre a materia impartida durante a respectiva avaliación. Estas probas constan de corenta preguntas tipo test coa validez de 0,25 puntos por pregunta. Establécese un 25% de preguntas sinxelas ou moi sinxelas, un 50% de preguntas de dificultade media, e un 25% de preguntas de dificultade máxima. Estas probas supoñen o 80% da nota da avaliación.

O 20% restante sae dos cadernos (10%) e as actividades realizadas durante cada avaliación (10%).

Cualificación final

Sairá da media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter



unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª mediante a realización dunha proba escrita.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

A) XEOGRAFÍA E HISTORIA

O Departamento de Ciencias Sociais segue unha serie de criterios xerais para a avaliación. En primeiro lugar temos que dicir que non só avaliamos contidos, senón que se teñen en conta, tamén, procedementos e actitudes. Deste modo, a observación sistemática do alumno e a análise do seu traballo serán continuas.

Polo que se refire aos contidos, son catro os bloques que teremos en conta:

FEITO HISTÓRICO E ESPAZO XEOGRÁFICO

Representa o 70% da nota global, que se extrae a partir das probas obxectivas (exames) asociadas a estes contidos. O número por avaliación é variable. Son de carácter eliminatorio, polo que aqueles alumnos/as que as vaian superando non teñen que facer a proba xeral de cada avaliación.

Están compostas por un 30% de preguntas de “mínimos”, un 40% de preguntas de tipo medio e outro 30% de preguntas de maior dificultade.

En todas as probas o alumnado coñece a puntuación de cada cuestión. Se nunha proba o alumno non chega ao 4 sobre 10 ten que repetila.

As competencias valoradas son fundamentalmente a cultural e artística e o pensamento social e a social e cidadá.

As probas poden ser ORAIS ou ESCRITAS.

TÉCNICAS DE TRABALLO :

Cualifícanse tódalas actividades propostas en clase, así como resumos, esquemas, mapas conceptuais, gráficos ... Todo isto ten que estar recollido nos cadernos. Os profesores poden esixilos en calquera momento, polo que é deber do alumnado telo sempre ao día. Son avaliados polo profesorado, como norma xeral, a lo menos unha vez por avaliación. Avalíanse as competencias aprender a aprender e a social e cidadá. Supón un 10% da nota.

MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN:

Cualifícanse todas aquelas actividades de investigación que se realicen tanto no caderno coma nun traballo específico. Son propostas polo profesorado. Poden ser de carácter voluntario ou obrigatorios. Neles se valora a presentación, as achegas do alumnado, o



tratamento e respecto as fontes, a orixinalidade.

Con eles valoramos a autonomía e iniciativa persoal, o tratamento da información e competencia dixital e tamén a competencia social e cidadá. Supón un 10% da nota.

REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS:

Representa o 10% da nota global. Avalíanse neste contido gráficos ou mapas de avaliación que igualmente poden aparecer nas probas obxectivas, así coma actividades que se realicen sobre mapas físicos ou políticos, pirámides de poboación, climogramas, eixes cronolóxicos, aspectos físicos e políticos do mundo, etc.

A NOTA FINAL da avaliación é un compendio da suma das cualificacións obtidas nos distintos apartados.

Cualificación final

Sairá da media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª mediante a realización dunha proba escrita.

B) VALORES ÉTICOS

O Departamento de Ciencias Sociais segue unha serie de criterios xerais para a avaliación. En primeiro lugar temos que dicir que non só avaliamos contidos, senón que se teñen en conta, tamén, procedementos e actitudes. Deste modo, a observación sistemática do alumno e a análise do seu traballo serán continuas.

Polo que se refire aos contidos, son varios os aspectos que se teñen en conta:

Preguntas orais:

Faranse de maneira regular, trala explicación, por parte do profesorado para observar o grao de atención e de consecución dos novos conceptos por parte do alumnado. Con elas traballaremos as competencias aprender a aprender e comunicación lingüística. Suporán un 5% da nota

Probas orais:

Poden ser de carácter voluntario ou esixidas polo profesor/a. Como norma xeral non supoñen a eliminación da proba obxectiva correspondente e suporán tamén o 5% da nota definitiva. En determinados casos, previstos polo profesor, pode ser eliminatorio e suporá o 80% da nota.

Probas escritas:

O número por avaliación será variable. Serán de carácter eliminatorio, polo que aqueles



alumnos/as/as que as vaian superando non terán que facer a **proba xeral** de cada avaliación. Estarán compostas por un 30% de preguntas de “mínimos”, un 40% de preguntas de tipo medio e outro 30% de preguntas de maior dificultade.

En todas as probas o alumnado coñecerá a puntuación de cada cuestión. As competencias valoradas serán fundamentalmente a cultural e artística e o pensamento social e a social e cidadá.

A cualificación das probas suporá como mínimo o 75% da nota.

Cadernos:

Neles deben figurar tódalas actividades propostas en clase, así como resumos, esquemas, mapas conceptuais, gráficos ... Os profesores poden esixilos en calquera momento, polo que é deber do alumnado telos sempre ao día. Serán avaliados polo profesorado, como norma xeral, a lo menos unha vez por avaliación. Avalíanse as competencias aprender a aprender e a social e cidadá. Suporá un 5% da nota.

Traballos de carácter ordinario ou extraordinario:

Serán propostos polo profesorado. Poden ser de carácter voluntario ou obrigatorios. Neles se valorará a presentación, as achegas do alumnado, o tratamento e respecto as fontes, a orixinalidade. Neste apartado tamén incluímos a realización de debates e exposicións de temas. Con eles valoramos a autonomía e iniciativa persoal, o tratamento da información e competencia dixital e tamén a competencia social e cidadá. Supón un 10% da nota.

A **NOTA FINAL** da avaliación será un compendio da suma das cualificacións obtidas nos distintos apartados.

Cualificación final

Sairá da media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª mediante a realización dunha proba escrita

C) IAEE

Todo canto traballamos na clase debe ser traducido a unha puntuación numérica mensurable. Neste sentido, o Departamento estableceu os seguintes criterios para cualificar ao alumnado.

Cualificación dos coñecementos



Os coñecementos adquiridos en cada avaliación, avalíanse mediante a realización de tres probas escritas sobre a materia impartida en cada unha delas. Non caso de que na proba se expoña máis dunha pregunta, o profesor explica ao alumnado o valor ponderado de cada unha delas no conxunto da proba. Cada unha destas probas valorase de cero a dez puntos.

Estas probas constan dunha serie de preguntas (entre 5 e 10) coa validez dun punto por pregunta. Establécese un 25% de preguntas sinxelas ou moi sinxelas, un 50% de preguntas de dificultade media, e un 25% de preguntas de dificultade máxima.

Estas probas supoñen o 80% da nota. O 20% restante sae dos cadernos (10%) e das actividades realizadas durante cada unha das tres avaliacións.

Cualificación final

Sairá da media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.

O alumnado que teña suspensa algunha avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª mediante a realización dunha proba escrita.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

A) FÍSICA E QUÍMICA

As cualificacións establecidas para cada avaliación, realizaranse tendo en conta as seguintes puntuacións:

Física e Química 2ºESO

Os estándares do bloque 1 “Actividade científica”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 10% da nota final de cada avaliación.

Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 90% da nota da avaliación. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 3,5 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Física e Química 3º ESO

- Os estándares do bloque “Actividade científica”, que se traballaran de maneira cotinua as tres avaliacións, tera un peso do 10% da nota final.



- Os estándares dos bloques restantes, avaliados por proba escrita, terá un peso do 90% da nota. O número de probas pode ser variable, depende da decuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumnado deberá obter una nota igual ou superior a 4 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Física e Química 4ºESO

Os estándares do bloque “Actividade científica”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 10% da nota final.

Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 90% da nota. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 4 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Critérios comúns do Departamento para a obtención da cualificación final:

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.
- O alumnado que suspenda a 1ª ou a 2ª avaliación deberá realizar unha proba obxectiva de recuperación da mesma despois da avaliación. No caso de non ser superadas as probas, terán unha nova proba escrita na 3ª avaliación.

B) BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

As cualificacións establecidas para cada avaliación, realizaranse tendo en conta as seguintes puntuacións:

Biología e Xeoloxía 1ºESO

· Os estándares do bloque “Habilidades, destrezas e estratexias” e do bloque “Proxecto de investigación”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 20% da nota final.

· Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 80% da nota. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 3,5 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.



Biología e Xeoloxía 3ªESO:

-Os estándares do bloque “Habilidades, destrezas e estratexias” e do bloque “Proxecto de investigación”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 10% da nota final.

-Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 90% da nota. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 4 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Biología e Xeoloxía 4ªESO

Os estándares do bloque “Habilidades, destrezas e estratexias” e do bloque “Proxecto de investigación”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 10% da nota final.

Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 90% da nota. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 4 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Criterios comúns do Departamento para a obtención da cualificación final:

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.
- O alumnado que suspenda a 1ª ou a 2ª avaliación deberá realizar unha proba obxectiva de recuperación da mesma despois da avaliación. No caso de non ser superadas as probas, terán unha nova proba escrita na 3ª avaliación.

C) CIENCIAS APLICADAS

Os estándares do bloque 4 “Proxecto de investigación”, que se traballarán de maneira continua nas tres avaliacións, terán un peso do 20% da nota final.

Os estándares dos bloques restantes, avaliados principalmente por proba escrita, terán un peso do 80% da nota. O número de probas e o número de preguntas por proba pode ser variable, depende da adecuación da/s unidade/s didáctica/s. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 3,5 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.



Criterios comúns do Departamento para a obtención da cualificación final:

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.
- O alumnado que teña suspensa a 1ª ou a 2ª avaliación terá a oportunidade de recuperala na 3ª avaliación mediante a realización dunha proba escrita.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**A) TECNOLOXÍA**

As cualificacións establecidas para cada avaliación, realizaranse tendo en conta as seguintes puntuacións:

Tecnoloxía e dixitalización 1º ESO

- O 50% da nota avaliarase mediante rúbricas
- O 50% restante mediante a realización de probas escritas

Tecnoloxías 2ºESO

- 80% da nota da avaliación obterase a partires do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados a través de probas obxectivas (exames).
- 20% restante da nota obterase a partir dos distintos traballos de investigación, elaboración de resumos ou outras probas prácticas requeridas en cada avaliación.

Tecnoloxías da información

Un 20 % da nota corresponderá ao bloque 1 "ética e estética na interacción en rede" que se avaliará por observación directa e un 80% aos restantes bloques que se avaliarán mediante rúbricas.

Criterios comúns do Departamento para a obtención da cualificación final

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.
- O alumnado que suspenda a 1ª ou a 2ª avaliación deberá realizar unha proba obxectiva de recuperación da mesma despois da avaliación. No caso de non ser superadas as probas, terán unha nova proba escrita na 3ª avaliación.



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

A) MATEMÁTICAS

Para obter a nota do alumno/a en cada avaliación nos distintos niveis de Matemáticas, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Matemáticas 1º, 2º, 3º ESO e Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4ºESO

O 100% da nota da avaliación obterase a partires do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe. O peso dos distintos bloques será o seguinte:

- Os estándares do bloque 1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas), avaliados principalmente mediante observación directa ou rúbrica terán un peso do 20% da nota final.
- Os estándares dos bloques restantes terán un peso do 80% da nota. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 3,5 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas 4º ESO

O 100% da nota da avaliación obterase a partires do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe. O peso dos distintos bloques será o seguinte:

- Os estándares do bloque 1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas), avaliados principalmente mediante observación directa ou rúbrica terán un peso do 10% da nota final.
- Os estándares dos bloques restantes terán un peso do 90% da nota. O alumno deberá obter unha nota igual ou superior 4 en cada proba para poder aplicarlle estas porcentaxes.

Criterios comúns do Departamento para a obtención da cualificación final:

- A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o curso, o alumnado deberá ter unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final.
- O alumnado que suspenda a 1ª ou a 2ª avaliación deberá realizar unha proba obxectiva de recuperación da mesma despois da avaliación. No caso de non ser superadas as probas, terán unha proba en Xuño.



DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

A) INGLÉS

Atendendo aos requirimentos do Marco Común Europeo sobre linguas, empregaremos os seguintes criterios de cualificación na materia de primeira lingua estranxeira, inglés:

No **1º e 2º** cursos da ESO, a porcentaxe de cada destreza lingüística na nota final de avaliación sería:

CO: 30% CE: 30% EE:30% EO: 10%

No **3º e 4º** cursos da ESO, a porcentaxe a ter en conta para a avaliación varía e será:

CO: 20% CE: 10% EE:40% EO: 30%

En cada avaliación o alumnado se examinará das 4 destrezas lingüísticas mencionadas máis arriba: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita.

Unha vez obtida a cualificación das catro destrezas, o-a alumno-a poderá subir ou baixar a súa nota dependendo dos positivos ou negativos (0.1) acumulados durante ese tempo nos seguintes items da táboa de rúbricas:

- Deberes
- Material
- Teoría / Vocabulario/ anotacións
- Traballo na aula
- Actitude
- Atención
- Interacción/ Cooperación/Participación

A avaliación será positiva , sempre que se acade unha cualificación igual ou superior a 5.

Os contidos nas destrezas de EE e EO son sumativos, co que na 3ª avaliación deberán examinarse de todos os contidos da 1ª, 2ª e 3ª avaliación xuntos.

Unha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre poderá ser positiva se o alumnado acada unha nota igual ou superior a 5 na terceira avaliación.

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva, así pois a nota final coincidirá coa nota da terceira avaliación.

De non superar a materia na avaliación final, o alumnado levará pendente a materia coa-s



destreza-s na-s que obtivera unha cualificación inferior a 4.

O alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores e ao mesmo tempo a do curso corrente, contaránlle como dúas materias suspensas para o cómputo ao final de curso de cara a súa promoción.

B) FRANCÉS

Atendendo aos requirimentos do Marco Común Europeo sobre linguas, empregaremos os seguintes criterios de cualificación na materia de primeira lingua estranxeira, francés:

No **1º e 2º** cursos da ESO, a porcentaxe de cada destreza lingüística na nota final de avaliación sería:

CO: 30% CE: 30% EE: 30% EO: 10%

No **3º curso** da ESO, a porcentaxe a ter en conta para a avaliación será:

CO: 20% CE: 20% EE: 30% EO: 30%

En cada avaliación o alumnado se examinará das 4 destrezas lingüísticas mencionadas máis arriba: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita e expresión escrita.

Unha vez obtida a cualificación das catro destrezas, o-a alumno-a poderá subir ou baixar a súa nota dependendo dos positivos ou negativos (0.1) acumulados durante ese tempo nos seguintes ítems da táboa de rúbricas:

- Deberes
- Material
- Teoría / Vocabulario/ anotacións
- Traballo na aula
- Actitude
- Atención
- Interacción/ Cooperación/Participación

A avaliación será positiva , sempre que se acade unha cualificación igual ou superior a 5.



Os contidos nas destrezas de EE e EO son sumativos, co que na 3ª avaliación deberán examinarse de todos os contidos da 1ª, 2ª e 3ª avaliación xuntos.

Unha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre poderá ser positiva se o alumnado acada unha nota igual ou superior a 5 na terceira avaliación.

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva, así pois a nota final coincidirá coa nota da terceira avaliación.

De non superar a materia na avaliación final, o alumnado levará pendente a materia coa-s destreza-s na-s que obtivera unha cualificación inferior a 4.

O alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores e ao mesmo tempo a do curso corrente, contaránlle como dúas materias suspensas para o cómputo ao final de curso de cara a súa promoción.

DEPARTAMENTO DE EPVA

A) EPVA

Para avaliar ó alumnado teránse en conta os traballos realizados durante cada trimestre que terán as seguintes características:

Láminas de carácter técnico.

Correcta resolución dos exercicios de acordo cos estándares de aprendizaxe.

(ata 8 puntos)

Limpeza / presentación recadro datos. (ata 1 punto)

Entrega na data establecida. (ata 1 punto)

Actividades de expresión plástica.

Correcta resolución dos exercicios de acordo cos estándares de aprendizaxe.

(ata 8 puntos)

Limpeza / presentación recadro datos. (ata 1 punto)

Entrega na data establecida. (ata 1 punto)



A cualificación final de cada trimestre será a media dos traballos realizados durante o mesmo.

Para aprobar unha avaliación parcial o alumnado debe conseguir unha cualificación media de 5 sobre 10. O alumnado que non obtivo unha cualificación igual ou superior a 5, terá que presentar correctamente os traballos non aprobados ou non presentados.

Para aprobar a materia na avaliación final de xuño, o alumnado deberá obter unha media das tres avaliacións parciais igual ou superior a 5. O alumnado que non acadou o aprobado na materia, despois das tres avaliacións parciais, realizará traballos sobre os obxectivos non conseguidos durante o período lectivo entre a terceira avaliación parcial e a final para optar a superar a materia. En estes casos, a cualificación final non poderá ser superior a 5.

O alumnado que acadou o aprobado nas tres avaliacións parciais realizará traballos de ampliación no período comprendido entre o final da terceira avaliación e a avaliación final. A cualificación da avaliación final sairá da suma das seguintes porcentaxes:

30%: cualificación da 1ª avaliación

30%: cualificación da 2ª avaliación

30%: cualificación da 3ª avaliación

10%: cualificacións obtidas nos traballos de ampliación. A nota final nunca será inferior á media aritmética das tres avaliacións parciais.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

A) MÚSICA

As cualificacións de cada alumno/a baséanse tanto no traballo individual como no grupal, e nas capacidades de cada un, permitindo certa flexibilidade á hora de levar á práctica ditos criterios. Para calcular a nota de cada avaliación utilizaráanse dúas porcentaxes diferentes para as seguintes partes:

□ **30%** Práctica (notas musicais, caderno de anotacións, participación activa na materia, realización das actividades de aula, escritura musical e práctica instrumental)



□ **70%** Probas escritas dos contidos vistos (dúas probas parciais por trimestre)

Procedemento de avaliación.

O curso organízase en 3 avaliacións e a nota de cada unha delas será a media das dúas probas escritas (con contidos eliminatorios). Non se fará media con notas inferiores a 3,5.

Para recuperar a 1ª ou 2ª avaliación suspensa, o alumnado terá a oportunidade de facer a proba correspondente á volta das vacacións. Se o alumno/a non supera a proba en cadansúa ocasión, terá que facer unha proba cos contidos mínimos en Xuño.

Considerarase aprobada a avaliación se dita nota **é igual ou superior a 5**. Para superar o curso os alumnos e alumnas deberán ter aprobadas as 3 avaliacións e a nota final resultará da media aritmética dos 3 trimestres.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumno/a deberá realizar antes da avaliación trimestral actividades de reforzo dos contidos vistos en cada avaliación, que contarán un 30% da nota e servirán de axuda orientativa de cara á proba escrita (70%) dos contidos mínimos. Estas probas serán eliminatorias, e se realizarán semanas antes das avaliacións propias do curso actual. En Maio se lle fará a última parte. Na nota de Xuño constará a media das 3 avaliacións aprobadas por separado ou a nota de última proba, se fose o caso.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

A) EDUCACIÓN FÍSICA

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Cada avaliación da asignatura ten unha avaliación positiva cando os alumnos superan os tres elementos básicos de avaliación:

1. A realización dunha ou mais probas teóricas: tipo test ou pregunta curta e cuxo contido fai referencia aos estándares de aprendizaxe relacionados cos contidos conceptuais impartidos durante o trimestre. Esta parte supón un 30 % da nota final.



2. A práctica diaria. Os exercicios prácticos diarios de clase ou probas plantexadas encamiñadas a alcanzar os estándares de aprendizaxe relacionados cos contidos prácticos. Esta parte supón un 40 % da nota final.
3. Os valores: o esforzo, un comportamento correcto, o respecto polos compañeiros, a instalación, o material e o mestre, a interese pola asignatura, a predisposición á colaboración en tarefas de organización de eventos, a práctica diaria, o uso axeitado do uniforme, entrega de traballos de profundización, etc...Este apartado que está directamente relacionado cos derradeiros estándares de aprendizaxe de cada U.D. supón un 30% da nota final.

É condición indispensable para aprobar, superar a nota mínima de 3 en cada un dos apartados.

Do anterior dedúcese que se valora en gran medida o esforzo, a actitude positiva, o comportamento correcto, o respecto polos compañeiros, a instalación, o material e os compañeiros e o mestre, o interese pola materia, a predisposición á colaboración en tarefas de organización de eventos, a práctica diaria, o uso axeitado do uniforme, etc...

- Nas recuperación de cada avaliación, o alumno só opta a obter unha cualificación de 5.
- ❖ Os alumnos que durante o curso, estean imposibilitados para participar nas sesións prácticas, teñen que cubrir a folla de observación diaria ou colaborar co mestre si este o require, así como aqueles que non traian a roupa apropiada para realizar a práctica ou se sentan indispostos. Se non se poden examinar dalgunha das partes prácticas, teñen que entregar un traballo escrito sobre esa parte.
- ❖ Os alumnos que non poidan realizar a parte práctica, tanto si é permanente como temporalmente, son evaluados por medio dun exame teórico que supón o 100 % da nota final. Para considerar a súa exención da práctica teñen que entregar un certificado médico oficial.

A NOTA FINAL DA AVALIACIÓN é a suma das cualificacións obtidas nos tres apartados.
 RECUPERACION DA EVALUACIÓN. Farase avaliacion continua, se o alumno supera unha avaliacion recupera a/as anteriores que teña suspensas (sempre cunha nota de 5)

A NOTA DA AVALIACION FINAL DO CURSO é a media aritmética das tres avaliacións. O alumno aprobará a asignatura se alcanza a nota de 5 nesta avaliación final ou se, sin alcanzala, supera a terceira avaliación. Neste último caso nunca poderá superar a nota final de 5.



INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre.

As cualificacións establecidas para cada avaliación quedarán reflectidas a partires das seguintes porcentaxes:

- 35% da cualificación correspóndese coa acadada nun traballo individual (oral ou escrito).
- 35% da cualificación dependerá da valoración dun traballo en grupo.
- 30% da cualificación será definida polo traballo diario, valorándose como tal: realizar tarefas de aula (10%), traballar co material axeitado (10%) e manter unha participación activa nas sesións de aula (10%).

A NOTA DA AVALIACION FINAL DO CURSO é a media aritmética das tres avaliacións.

Co alumnado que non supere a materia coa súa media aritmética nas tres avaliacións levaremos a cabo un traballo individual de investigación para aprobar a materia.

